


O CABALO DE TROIA



Hai moito tempo, os gregos e os troianos estiveron en guerra máis de dez anos.

Mantiveran encarnizados combates diante das impresionantes murallas da cidade de Troia.

Pero os dous exércitos eran tan parellos, que ningún deles conseguía derrotar ao contrario.

Un día, os principais militares gregos reuníronse para buscar unha solución a tantos anos de sufrimento.

— Se conseguimos facerlles crer aos troianos que nos retiramos e despois atacamos por sorpresa... — dixo un dos xefes, que se chamaba Ulises—. Teño unha idea!

Todos estiveron coa proposta de Ulises.

O primeiro que debían facer era construír un cabalo de madeira de tamaño colosal e completamente oco por dentro. Os mellores carpinteiros traballaron durante semanas, noite e día. E cando remataron, deixárono nunha Praia. Despois, embarcaron nas súas naves e marcharon.

Ao día seguinte pola mañá, os troianos descubriron solitarios os campamentos inimigos e atoparon o impresionante cabalo abandonado polos gregos. Todos quedaron paralizados un instante. Despois, pouco a pouco, rodearon o cabalo.

— Que maravilla! —dixeron—. Fíxoo un auténtico artista.

— Troianos, non vos fiedes dos gregos! —berrou unha muller.

— Queremos o cabalo —comentou un vello.

— Non pode ser perigoso —dixo un mozo—. Poñámolo na praza en conmemoración da nosa vitoria sobre os gregos.

A maioría estivo de acordo e o cabalo foi levado á cidade. Á noite, todos os troianos fixeron unha gran festa para celebrar xuntos o final da guerra. Todos cantaron e bailaron deica a madrugada.

Cando xa os troianos durmían e a cidade estaba en silencio, cincuenta guerreiros gregos saíron da barriga do cabalo de madeira. Abriron as portas da muralla e acenderon un facho nunha das torres.

Era o sinal pactado para que as naves gregas, ocultas nunha illa próxima, volvesen cara á praia. Algunhas horas despois, centenaes de soldados gregos andaban polas rúas de Troia incendiando todo o que atopaban ao seu paso. Os troianos apenas puideron defenderse e a gloriosa cidade de Troia foi destruída polas lapas.

Lenda grega

Traballo sobre o texto.

- Cantos anos había que estaban en guerra os gregos e os troianos? _____
- Onde foron os combates? _____
- Que exército era superior, o dos gregos ou o dos troianos? _____
- Quen propuxo a trampa para os inimigos? Era grego ou troiano? _____

- Observa con atención o mapa; na fotografía pódese observar os restos da antiga cidade de Troia. Consulta nun mapa actual e contesta: En que país se atopa a cidade de Troia?



- Consulta a páxina:
Quen era Ulises? De donde era rei? _____

- Escribe verdadeiro(V) ou falso (F) Como era o cabalo?

De madeira maciza _____ De madeira e oco. _____

De tamaño colosal _____ De tamaño real _____

- Marca, en cada caso, a palabra de significado semellante á destacada.


▪ uns combates **encarnizados**. →

- unhas murallas **impresionantes**. →

- un sinal **pactado**. →

- unha cidade **gloriosa**. →

- Relaciona cada imaxe co obxecto representado e rodea o sinal polo que os gregos volveron a Troia.



- Vídeo para nenos sobre a guerra de Troia .

- Imaxinas como sería o cabalo de Troia? Debúxao no caderno.